



GeoRSS¹ de datos de calidade do aire

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato GeoRSS cos datos de calidade do aire en hora local.

Convén ter en conta que a información relacionada coa estrutura do ficheiro GeoRSS presentarase en cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais

```
<rss><channel>...</channel></rss>
```

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato GeoRSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML.

Parámetros que acepta o GeoRSS

A este GeoRSS pódesele pasar os seguintes parámetros:

- Para o **idioma**: o parámetro é *request_locale* e pode ter os seguintes valores:

request_locale=es → para o idioma castelán.

request_locale=gl → para o idioma galego

- Para a **estación**: o parámetro é *idEstacion* e é un identificador numérico e único para cada estación da rede galega de calidade do aire. No Anexo I deste documento pode ver unha lista con todos os identificadores.
- Para a **data** da consulta: para realizar a consulta por data hai que indicar dous parámetros, *data* e *hora*. A data é un texto con formato dd/mm/aaaa e a hora é un valor numérico entre 0 e 23.

Todos estes parámetros non son obrigatorios. No caso de non incluílos mostrarase un resultado cos seguintes valores por defecto.

- Para o idioma o valor por defecto é o galego
- Os datos da hora actual de todas as estacións que miden datos a tempo real na rede de calidade do aire de Galicia.
- O día actual
- A hora actual.

¹ GeoRSS pertence á familia de estándares RSS e empregase para representar información xeorreferenciada anotando xeograficamente as entradas do RSS para que dita información poida ser localizada no mapa.



Exemplos

Últimos datos horarios para todas as estacións que miden a tempo real na rede de calidade do aire de Galicia

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/caire/rssDatosCaire.action>

Últimos datos horarios para a estación de Lugo

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/caire/rssDatosCaire.action?idEstacion=7>

Datos do día 3 de maio de 2013 as 11 da mañá para a estación de Lugo

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/caire/rssDatosCaire.action?idEstacion=7&data=03/05/2013&hora=5&idZona=5>

Etiquetas propias do GeoRSS

title: Título do GeoRSS.

link: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que mostra a consulta de datos das estacións pertencentes a rede galega de calidade do aire.

description: Descrición do contido do GeoRSS.

item: Cada grupo de etiquetas contidas entre as etiquetas <item>...</item> constitúe o bloque de información referida a unha estación en concreto. O significado de cada unha desas etiquetas é o seguinte:

title: Nome da estación a que fan referencia os datos

link: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia para a consulta dos datos da estación

description: Contén a descrición dos datos dos contaminantes medidos na estación. É unha táboa na que se indica por cada contaminante da estación a técnica de medida, hora de medición do dato, o valor e o flag de validación.

guid: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia na que se pode realizar a consulta de datos da estación.

georss:point: Punto que contén un único par latitude-lonxitude separados por un espazo en branco. Esta etiqueta é propia do GeoRSS-Simple²

Etiquetas dos datos de calidade do aire

Están contidas na etiqueta <item>...</item> e son as seguintes:

- **Caire:estacion:** Estación a que corresponden os datos.
- **Caire:idEstacion:** Identificador da estación.

² Para máis información do GeoRSS-Simple consultar:<http://www.georss.org>



- **Caire:dato:** Dato medido na estación. Hai un dato por cada un dos contaminantes medidos na estación. Engádense varios atributos descritivos:
 - Parametro: Parámetro do dato.
 - Estación: Estación onde se mide o dato
 - Tecnica: Técnica empregada para a medición do dato.
 - Data: Data.
 - Hora: Hora.
 - Lat: Latitude da coordenada de posición.
 - Lon: Lonxitude da coordenada de posición.
 - Valor: Valor medido.
 - Flag: Flag de validación do dato medido

Exemplo de un bloque representativo:

```
<item>
  <title>Lugo</title>

  <link>http://www.meteogalicia.es/Caire/datos.action?request_locale=gl&estacion=7</link>
  <description>(…)description>

  <guid>http://www.meteogalicia.es/Caire/datos.action?request_locale=gl&estacion=7</guid>
  <georss:point>42.997922 -7.550728</georss:point>
  <Caire:estacion descricion="Estación">Lugo</Caire:estacion>
  <Caire:idEstacion descricion="Identificador da estación">7</Caire:idEstacion>
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="SO2" tecnica="Fluorescencia ultravioleta" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="1.0" flag="V" />
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="NO" tecnica="Quimioluminiscencia" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="3.0" flag="V" />
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="NO2" tecnica="Quimioluminiscencia" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="7.0" flag="V" />
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="NOX" tecnica="Quimioluminiscencia" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="10.0" flag="V" />
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="CO" tecnica="Absorción infrarroja" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="0.1" flag="V" />
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="O3" tecnica="Absorción ultravioleta" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="76.0" flag="V" />
  <Caire:dato estacion="Lugo" parametro="RUI" tecnica="Desconocida" lat=" 42.997922" lon=" -7.550728" data="03/03/2014" hora="11:00" valor="64.0" flag="V" />
</item>
```



Anexo 1

Identificadores das estacións.

idEstación	Estación
2	Santiago - Campus
4	Vigo - Coia
5	Ferrol
6	Laza
7	Lugo
9	Ourense
10	Ponteareas
11	Pontevedra - Mollabao
12	A Coruña - Riazor
13	Santiago - San Caetano
14	A Coruña - Torre Hércules
17	Pontevedra – Campolongo
18	Vigo – Lope de Vega

Anexo 2

Flags de Validación

Flag	Significado
V	Dato válido
T	Temporal
M	Dato de un equipo en mantemento
C	Dato perturbado por calibración
N	Dato nulo
D	Dato de un equipo desactivado